

**Resolución do 14 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen as bases para a convocatoria de Contratos-programa Recupéra-T no marco do Plan Recupera, dirixido a centros docentes públicos de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 2021/22.**

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, recolle entre os seus principios a equidade, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades, tamén entre mulleres e homes, que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade, de acordo co establecido na Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, ratificada en 2008 por España.

No artigo 22 da citada lei determínase que a educación secundaria obrigatoria se organizará de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. Corresponde ás Administracións educativas regular as medidas de atención á diversidade, organizativas e curriculares, que permitan aos centros, no exercicio da súa autonomía, unha organización flexible das ensinanzas.

No seu artigo 120 establécese que as Administracións educativas favorecerán a autonomía dos centros de forma que os seus recursos económicos, materiais e humanos poidan dar resposta e viabilidade aos proxectos educativos e propostas de organización que elaboren, unha vez que sexan convenientemente avaliados e valorados.

O desenvolvemento legislativo propio de Galicia afonda neste principio, tanto desde o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade, coma no mesmo desenvolvemento curricular das distintas ensinanzas. Así, tanto o Decreto 105/2014, do 4 de

setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, como o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, poñen en valor o principio de autonomía dos centros, que lles permite desenvolver o seu proxecto educativo, no que se especifican os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación. No proceso para acadar o máximo desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado, a atención á diversidade, a detección temperá e a adopción de medidas de intervención educativa axeitadas a cada alumno ou alumna son elementos esenciais. Sendo así, a avaliación, tanto a continua como a final, constitúe un instrumento básico na mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe, que permite unha diagnose para o establecemento das medidas necesarias de atención educativa que se articulen mediante plans específicos de mellora.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade pon en marcha no curso 2021/22 o Plan Recupera para reducir o impacto que a covid-19 tivo sobre o alumnado e as súas repercusións futuras, e proporcionar a atención educativa necesaria para a compensación de desigualdades xurdidas por esta situación. Este plan constitúese como o marco para a mellora dos resultados escolares do alumnado, especialmente o máis vulnerable, e reflicte a estratexia de fomento da calidade, a equidade, a inclusión e o éxito na educación e formación. Neste contexto seleccionáronse os apoios necesarios ao alumnado que os requira e aos centros nos que estea escolarizado. O Plan Recupera forma parte da Estratexia Galega de Inclusión Educativa, EduInclusión 2021-2025, que a consellería desenvolverá a partir do curso 2021/22, constituíndo un dos eixes que vertebran dita estratexia.

Para alcanzar esta meta desenvolverase a convocatoria de Contratos-programa Recupéra-T que porá en marcha medidas de reforzo docente a través do programa Arco (cofinanciado polo Fondo Social Europeo a través do Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación 2014-2020 do Ministerio de Educación e Formación Profesional) e do programa PROA+ (Programa para a Orientación, Avance e Enriquecemento Educativo 2021-2023 cofinanciado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia).

De acordo co anteriormente exposto, esta secretaría xeral RESOLVE:

### **Apartado 1. Obxecto**

1.- Esta Resolución ten por obxecto regular o desenvolvemento da convocatoria de Contratos-programa Recupéra-T, (en adiante CP Recupéra-T) en réxime de concorrencia competitiva, no marco do Plan Recupera co fin de lograr o éxito educativo a través do reforzo, apoio e acompañamento na aprendizaxe daquel alumnado vulnerable que por causa da pandemia non alcanzase os obxectivos e as competencias establecidas para o nivel correspondente.

2.- Establecer o procedemento e os criterios para realizar a selección dos centros participantes, en réxime de concorrencia competitiva, en CP Recupéra-T para o curso 2021/22.

### **Apartado 2. Ámbito de aplicación**

Este programa vai dirixido ao alumnado de 4º, 5º e 6º de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, formación profesional básica e 1º de bacharelato dos seguintes centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade durante o curso escolar 2021/22:

1. Centros de educación infantil e primaria.
2. Centros de educación primaria.
3. Centros públicos integrados.
4. Institutos de educación secundaria.

Os centros educativos solicitantes do programa PROA+ deberán acreditar unha porcentaxe mínima dun 30% de alumnado vulnerable no conxunto das etapas de educación infantil (2º ciclo), primaria e/ou secundaria obrigatoria. Enténdese por alumnado vulnerable nun sentido amplo aquel que presente algunha das circunstancias que se describen a continuación: necesidades asistenciais (alimentación, vivenda e subministración básica, etc.), escolares (clima familiar propicio, fenda dixital, material escolar, etc.), necesidades socioeducativas (actividades complementarias, extraescolares, etc.), necesidades educativas especiais, altas capacidades

intelectuais, dificultades específicas de aprendizaxe, incorporación tardía ao sistema educativo, dificultades para a aprendizaxe por necesidades non cubertas. Todas elas son barreiras que condicionan as posibilidades de éxito educativo do alumnado.

### **Apartado 3. Obxectivos xerais do programa**

CP Recupéra-T persegue os seguintes obxectivos:

1. Apoiar o alumnado vulnerable para a mellora do seu rendemento académico e desenvolvemento do éxito educativo.
2. Reducir as barreiras de aprendizaxe que dificultan alcanzar e superar os obxectivos e competencias de cada nivel educativo.
3. Facilitar a atención educativa dos colectivos máis vulnerables para favorecer a súa formación e previr o risco de fracaso e abandono escolar.
4. Reducir o número de alumnos/as que presentan dificultades para a aprendizaxe.

### **Apartado 4. Proceso e prazo de solicitude**

1. Todo o procedemento de solicitude se realizará a través da aplicación informática <https://www.edu.xunta.es/programaseducativos/>. A persoa que exerza a función da dirección do centro ou persoa autorizada será quen terá todos os permisos de creación da solicitude.
2. Presentada a solicitude, examínase para comprobar se reúne os requisitos esixidos. En caso contrario, requírirase á persoa solicitante para que emende e/ou complete os datos que falten co fin de axustar a solicitude aos requirimentos da convocatoria.
3. A solicitude de participación en ARCO será aprobada pola dirección do centro e polo consello escolar, de acordo coas súas competencias, e previa información ao claustro e será informada polo Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente a través da aplicación específica de programas educativos.
4. A solicitude de participación no programa PROA+ deberá ser aprobada pola dirección do centro, polo consello escolar, de acordo coas súas competencias, e por un mínimo do 60% do

profesorado do claustro, e ser informada polo Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente a través da aplicación específica de programas educativos.

5. O prazo de solicitude comezará ao día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>) e rematará o 15 de xullo de 2021.

### **Apartado 5. Participación dos centros**

1. O centro educativo presentará, xunto coa solicitude, un plan de mellora no que se concreten as medidas que se pretenden desenvolver de cara a facilitar o máximo desenvolvemento persoal, académico e emocional do alumnado participante e deberá contar, polo menos, cos seguintes apartados:

a) Razóns que xustifican a participación no programa, cos datos que procedan.

b) Obxectivos que se propoñen. Para a súa concreción consideraranse, entre outros, os seguintes aspectos:

- Taxa de éxito escolar nos distintos niveis ou etapas.
- Características do alumnado seleccionado en base á avaliación de xuño.
- Análise das necesidades educativas e socioeconómicas do centro.

c) Medidas que se pretenden desenvolver e a súa temporización.

d) Estratexias de coordinación entre centros na transición do alumnado de educación primaria a educación secundaria obrigatoria, se é o caso.

e) Implicación das familias do alumnado e doutras institucións, se é o caso.

f) Colaboración da Administración local e doutras administracións, se é o caso.

g) Necesidade de novos recursos para o desenvolvemento do programa.

h) Proceso de seguimento e avaliación interna do programa que se vai realizar.

i) Indicadores.

2. O plan será elaborado polo equipo directivo en colaboración co profesorado implicado e co departamento de orientación.

3. Os centros educativos seleccionados establecerán coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade o seu compromiso de mellora a través da formalización dun acordo con formato de contrato-programa.

4. Será responsabilidade da dirección do centro a aprobación da participación neste programa e o cumprimento do contrato, así como a difusión entre a comunidade educativa informando o consello escolar e o claustro do seu desenvolvemento.

5. A selección dos centros realizada ao amparo desta resolución publicárase no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>) e na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/portal/plan-recupera>.

### **Apartado 6. Compromisos de carácter xeral**

Os centros docentes seleccionados deberán:

1. Asumir o compromiso de poñer en marcha CP Recupéra-T nos niveis educativos solicitados e concedidos nos termos establecidos nesta resolución.
2. Asumir, no caso dos centros seleccionados en PROA+, o compromiso de deseño, aplicación, seguimento e avaliación dun plan estratéxico de mellora para os cursos 2021/22, 2022/23 e 2023/24, así como cumprir cos requisitos derivados da participación neste programa.
3. Cumprir coas obrigas derivadas do cofinanciamento polo Fondo Social Europeo, polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia, e con calquera outra que poida ser de aplicación.
4. Cumprir as instrucións da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional referentes á xestión do programa, que se publicarán na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/portal/plan-recupera>.
5. Avaliar as accións e realizar un seguimento periódico das actuacións previstas nel e reflectir documentalmente as circunstancias e os resultados acadados nunha memoria final.
6. Participar, se así se establece, o equipo directivo e o profesorado implicado, tanto nas actividades de formación que se planifiquen desde a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, como en calquera outra que a Administración educativa determine.
7. Xestionar e custodiar a documentación necesaria para a xustificación da súa participación consonte co que estableza a Administración educativa.

8. Asumir a responsabilidade de adoptar as medidas necesarias para facer pública a información sobre as operacións financiadas polo FSE de acordo co estipulado no artigo 2.2 do Anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013), así como sobre os programas cofinanciados polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia.

9. Adoptar as medidas necesarias para garantir o apoio, o reforzo de competencias e a orientación do alumnado seleccionado, así como para garantir o desenvolvemento do Programa para a Orientación, Avance e Enriquecemento Educativo en calquera dos escenarios de formación posibles derivados da situación sanitaria ou doutra índole.

#### **Apartado 7. Actuacións de carácter xeral da Administración educativa**

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade realizará o asesoramento e o apoio necesario para a implementación do programa a través de:

- a) Os servizos de inspección educativa que realizarán a supervisión do desenvolvemento do programa e o asesoramento necesario para garantir o seu adecuado funcionamento.
- b) A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional que asesorará e asistirá os centros educativos no desenvolvemento do programa.
- c) A formación específica para o equipo directivo e para o profesorado implicado no plan, de ser o caso.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dentro das súas disponibilidades orzamentarias, poderá dotar os centros dunha asignación orzamentaria, con cargo á partida de gastos de funcionamento.

De ser o caso, as actividades e medidas propostas que coincidan coas desenvolvidas por medio doutros plans ou programas promovidos por esta consellería non poderán ser obxecto de financiamento adicional.

#### **Apartado 8. Dotación do programa**

1. Os centros solicitarán os recursos docentes necesarios para cubrir as necesidades detectadas. O profesorado designado para desempeñar as funcións de reforzo educativo será de educación

primaria, pedagogía terapéutica, así como profesorado de ensino secundario dos ámbitos lingüístico e social ou matemático e científico.

2. O reforzo educativo farase, preferentemente, de xeito presencial e en horario lectivo. No caso de que o centro educativo o solicite fóra do horario lectivo ou de forma non presencial, deberá xustificalo convenientemente e acreditar que conta cos recursos necesarios para o seu desenvolvemento.

3. A dotación realizarase do seguinte xeito:

a) Destinarase un total de 800 docentes para o desenvolvemento dun plan de choque no primeiro trimestre do curso 2021/22 (profesorado ARCO) dirixido aos seguintes niveis educativos:

- 4º e 5º de educación primaria.
- 1º, 2º e 3º de educación secundaria obrigatoria.
- 1º FP Básica.

De acordo coas necesidades xustificadas polo centro, e sempre que a dotación de recursos humanos o permita, poranse en marcha os axustes educativos necesarios para reforzar, apoiar e consolidar as aprendizaxes e os contidos esenciais para favorecer a participación deste alumnado no grupo-clase.

b) Destinarase un total de 450 docentes para o curso 2021/22 (profesorado PROA+) dirixido aos seguintes niveis educativos:

- 6º de educación primaria.
- 4º de educación secundaria obrigatoria.
- 1º de bacharelato.
- 2º FP Básica.

De acordo coas necesidades xustificadas polo centro, e sempre que a dotación de recursos humanos o permita, poranse en marcha os axustes educativos necesarios para reforzar, apoiar e consolidar as aprendizaxes e os contidos esenciais para favorecer a participación deste alumnado no grupo-clase.

4. Os centros educativos poderán solicitar un reforzo docente para o primeiro trimestre e para os niveis educativos sinalados no plan de choque, así como un reforzo docente para o curso 2021/22



para os niveis educativos indicados. Así mesmo reflectirán na súa solicitude o perfil do profesorado que exercerá o reforzo docente por orde de preferencia (primaria, pedagogía terapéutica, ámbito científico matemático ou ámbito sociolingüístico).

### **Apartado 9. Criterios de selección**

Os centros educativos seleccionaranse a partir da puntuación obtida atendendo os seguintes criterios:

1. Porcentaxe de alumnado vulnerable no centro educativo, ata un máximo de 22 puntos. Asignaranse 22 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe deste perfil de alumnado, en relación ao total do alumnado matriculado, e 0 puntos ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

Para a solicitude do programa PROA+ os centros deberán acreditar unha porcentaxe mínima dun 30% de alumnado vulnerable no conxunto das etapas de educación infantil (2º ciclo), primaria e/ou secundaria obrigatoria.

2. Número total de alumnado matriculado no centro, ata un máximo de 22 puntos. Asignaranse 22 puntos ao centro que conte con maior matrícula e 0 puntos ao centro con menor matrícula. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

3. Porcentaxe de alumnado escolarizado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado no nivel para o que se solicita o reforzo educativo, ata un máximo de 17 puntos.

Asignaranse 17 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe deste perfil de alumnado, en relación ao alumnado matriculado no nivel para o que solicita o reforzo educativo, e 0 puntos ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

4. Porcentaxe de alumnado con áreas ou materias do ámbito científico-matemático non superadas no curso anterior, matriculado no nivel para o que se solicita o reforzo educativo, ata 17 puntos.

Asignaranse 17 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe de alumnado con avaliación negativa nas áreas ou materias do ámbito científico-matemático, e 0 puntos ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

5. Porcentaxe de alumnado con áreas ou materias do ámbito sociolingüístico non superadas no curso anterior, matriculado no nivel para o que se solicita o reforzo educativo, ata 17 puntos.

Asignaranse 17 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe de alumnado con avaliación negativa nas áreas ou materias do ámbito sociolingüístico, e 0 puntos ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.

6. Centros situados en concellos rurais de menos de 5000 habitantes: 5 puntos.

7. A puntuación total de cada centro será a suma das puntuacións parciais asignadas en cada apartado, axustada á centésima máis próxima. Para obter as puntuacións de cada centro solicitante, os centros utilizarán os datos rexistrados no programa de xestión educativa XADE e no DRDADI no curso 2020/21.

8. En cada un dos programas, se existise igualdade de puntuación asignada a dous ou máis centros e necesidade de desempate, seleccionárase aquel centro que obteña maior puntuación nos distintos apartados dos criterios expostos, segundo a orde establecida.

Estes criterios aplicaranse de forma independente para a distribución do reforzo docente para o primeiro trimestre (profesorado ARCO) e para o curso 2021/22 (profesorado PROA+). Asignárase un/unha profesor/a ARCO por centro e/ou un/unha profesor/a PROA+ atendendo ao perfil de preferencia sinalado na solicitude.

### **Apartado 10. Procedemento de selección dos plans de mellora**

1. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, á vista das solicitudes presentadas polos centros, seleccionará aquelas que cumpran cos requisitos establecidos nesta convocatoria e segundo os criterios de selección establecidos no apartado 10.

2. A comisión de selección concretará cos centros docentes todos aqueles aspectos necesarios para o desenvolvemento do programa e que se plasmarán no contrato-programa.

### **Apartado 11. Actuacións para o desenvolvemento do programa**

1. A selección do alumnado deberá ser realizada polo equipo docente correspondente en coordinación co equipo directivo e coa persoa responsable do departamento de orientación durante a avaliación ordinaria de xuño.

2. Planificación da intervención no centro docente:

a) Recollerase a planificación e a avaliación do programa na Programación Xeral Anual (en adiante PXA) así como na memoria final. Se a PXA xa estivera aprobada, deberase aprobar unha modificación ou addenda desta que recolla a participación do centro no plan.

b) Informarase as familias do alumnado seleccionado da participación dos/das seus/súas fillos/as no programa, sendo o profesorado titor o responsable de trasladar esa información.

c) A intervención directa alumnado integrarase, preferentemente, no horario lectivo semanal do grupo-clase e o seu obxectivo centrarase no traballo e na mellora do rendemento académico do alumnado que é obxecto desta resolución.

d) Empregaranse metodoloxías activas, participativas, cooperativas, apoios na aula e a adopción doutras medidas organizativas.

e) A avaliación do alumnado será realizada polos docentes que imparten ensinanzas ao alumnado, oídas as valoracións do/a docente asignado/a ao programa, e desenvolverase de acordo coa lexislación vixente.

3. Participación do profesorado no plan:

a) O persoal docente asignado considerarase membro do claustro e, polo tanto, debe participar nel tendo en conta os seus dereitos e as súas obrigas como docente.

b) O horario complementario empregarase para a coordinación docente, participación nas sesións do claustro, coordinación co equipo docente de cada grupo e co departamento de orientación, actividades formativas propostas polo centro e/ou a Administración

educativa, así como a atención e coordinación coas familias en colaboración coa persoa titora do grupo, baixo as directrices da xefatura de estudos.

c) O profesorado asignado redactará unha memoria para a súa inclusión na memoria do centro, especificando os aspectos máis relevantes do desenvolvemento do programa, xunto cunha valoración dos seus resultados. Así mesmo, asinará toda a documentación vinculada ao financiamento por parte do FSE ou do MEFP.

d) O profesorado asignado realizará o reforzo unicamente ao alumnado seleccionado en cada grupo-clase. Este alumnado non poderá superar a terceira parte do alumnado total matriculado nese grupo.

### **Apartado 12. Comisión de selección**

1. Baixo a presidencia da persoa titular da Subdirección Xeral de Innovación, Orientación e Formación dos Recursos Humanos constituirase unha comisión de selección que se encargará de valorar as solicitudes.

2. A comisión estará integrada polas persoas titulares da Subdirección Xeral de Ordenación, Inspección e Avaliación do Sistema Educativo, da Subdirección Xeral de Recursos Humanos, os/as inspectores/as xefes/as do Servizo Territorial de Inspección Educativa, a persoa titular da xefatura do Servizo de Inclusión, Orientación e Convivencia, e dúas persoas asesoras da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, unha delas realizará as funcións de secretaría. As persoas subdirectoras poderán ser substituídas por xefes/as de servizo, se é o caso.

3. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha comisión técnica, integrada por persoas asesoras da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para os efectos de elaboración de informes sobre os plans de actuación presentados.

4. A percepción de asistencias destas comisións atenderá á categoría correspondente segundo o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

### **Apartado 13. Resolución**

1. Unha vez rematado o procedemento de selección e realizada a concreción dos contratos-programa, a comisión fará pública a resolución provisoria, que se difundirá no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>) e na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/portal/plan-recupera>.

2. A publicación da resolución provisional abrirá un prazo de cinco días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias, dirixidas á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A), xunto coa documentación complementaria. Para a presentación das reclamacións ou renuncias poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, se é o caso, atendidas as mencionadas reclamacións e/ou renuncias, a comisión seleccionadora elevará a proposta definitiva á persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional que resolverá a relación final dos centros seleccionados.

3. A resolución definitiva dos centros seleccionados publicarase no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>) e na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/portal/plan-recupera>.

4. Contra esta resolución poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

#### **Apartado 14. Formalización do contrato-programa**

Os centros que sexan seleccionados asinarán coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade un contrato-programa, que recollerá os acordos entre o centro e a consellería.

O contrato-programa explicitará, cando menos, o seguinte:

1. Os obxectivos que se perseguen, mediante os indicadores acordados, para cada actuación.
2. As actuacións que se inclúen no plan do centro.
3. Os compromisos do centro docente.
4. As actuacións e achegas da Administración educativa.
5. A comisión de seguimento.

#### **Apartado 15. Seguimento e avaliación do contrato-programa**

1. O equipo directivo do centro supervisará o desenvolvemento do plan conforme o proceso de seguimento e avaliación interna previsto nel, e dará conta aos órganos de participación e goberno, aos pais, nais ou titores/as legais, así como ás institucións que participan nel.

2. A inspección educativa realizará, ao longo do curso académico, o seguimento e a avaliación do programa e deberá informar de acordo coa planificación da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

3. Para o seguimento do plan establecerase unha comisión de seguimento do acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o centro docente. Esta comisión estará integrada por representantes da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, da dirección e mais da inspección do centro.

4. A comisión estará presidida por unha persoa representante da Administración educativa e reunirse, no seu caso, a instancias dela. Esta comisión ten as funcións seguintes:

- a) Facer o seguimento e a avaliación da execución do acordo a partir da información que facilita o centro docente e a inspección educativa.
- b) Analizar o grao de consecución dos obxectivos e compromisos acordados a través dos indicadores establecidos.
- c) Formular propostas de modificación dos recursos en relación co desenvolvemento do programa.
- d) Propor as modificacións que se consideren necesarias para a continuidade do programa ou a súa supresión, se é o caso.

5. A avaliación do plan realizada polo centro docente reflectirase na memoria establecida no apartado 11.3 que, ademais de servir para render contas ante a comunidade educativa, porase á disposición da comisión de seguimento do acordo e incluírase, así mesmo, na memoria anual do centro. Esta memoria cubrirase directamente na aplicación informática no prazo establecido ao efecto, non sendo necesario enviala por ningún outro medio.

6. O centro docente ten que certificar o valor conseguido nos indicadores que establece o acordo e achegar a documentación que lle sexa requirida pola comisión de seguimento.

#### **Apartado 16. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito nesta norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en [https:// www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais](https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais).

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2021

O secretario xeral de Educación e Formación Profesional

José Luis Mira Lema

